

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:

- o Regulamento dos Centros Comunitarios Integrados “Manuela Pérez Sequeiros” e “Casas da Mariña” do Concello de Narón.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- o Regulamento dos Centros Comunitarios Integrados “Manuela Pérez Sequeiros” e “Casas da Mariña” do Concello de Narón.

A normativa actual cuxa modificación se pretende foi aprobada polo Concello Pleno o día 25 de febreiro de 2010 visada polo Servizo de Inspección de Servizos comunitarios e inclusión social da Xunta de Galicia. O regulamento do Centro de Día debe ser obxecto de regulación independente por cambio da normativa autonómica nas competencias sobre centros comunitarios. O Concello de Narón iniciou os trámites para o contrato de concesión do servizo de

xestión, organización e funcionamento do Centros Comunitarios Integrados “Manuela Pérez Sequeiros – Centro de día” e “Casas da Mariña” e faise necesario a modificación da normativa actual para a súa adaptación ás novas necesidades.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 14 de xullo de 2020.